

The background of the cover features a faded, grayscale image of a woman in a field, possibly a laborer or farmer, standing with her hands on her hips. In the foreground, there is a stone monument or plaque with the name 'SILLEDA' and 'A MULLER LABREGA' visible. The overall tone is light and professional.

CONCELLO DE SILLEDA

V PLAN DE IGUALDADE MUNICIPAL

Versión reducida

2023-2026

O compromiso do Concello de Silleda ca igualdade de xénero queda patente unha vez máis con este Plan, o quinto xa elaborado dende esta entidade, e que nos servirá como referente para seguir implementando as políticas e accións necesarias neste ámbito.

Este documento xurde ca firme intención de ser un instrumento máis de xestión para guiar a acción municipal nas distintas áreas buscando a transversalidade do principio da igualdade entre mulleres e homes. Só dende o respecto aos dereitos e á diversidade seremos capaces de encarar o futuro.

A importancia da EDUCACIÓN EN IGUALDADE nas idades temperás é tamén fundamental para afrontar ese devir nunha sociedade cambiante na que avanzar cara a igualdade real é efectiva implica favorecer a cohesión social.

Así mesmo, quero manifestar en nome de toda a veciñanza o meu agradecemento a todas as persoas e entidades que se implicaron no proceso de elaboración deste V Plan Municipal de Igualdade, unha valiosa ferramenta que estará presente en toda a acción municipal.

Manuel Cuiña Fernández

Alcalde de Silleda

O V Plan de Igualdade do Concello de Silleda pretende ser un chanzo máis para seguir acadando os obxectivos previstos nesta materia e continuar avanzando na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Os bos resultados do documento anterior, con máis do 70% das accións conquistadas, apuntan a que camiñamos na boa dirección. Aínda que os indicadores convidan ao optimismo, queda aínda moito camiño por percorrer. Por iso con este documento, que será a nosa folla de ruta para os próximos 4 anos, seguimos concretando novas accións para continuar avanzando no reto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Co agradecemento a todas as persoas implicadas nesta proposta, agardo que o novo Plan de Igualdade do Concello de Silleda, co que voltamos a refrendar o noso firme compromiso para seguir traballando e unificando esforzos a fin de rachar as barreiras que atopamos as mulleres e rematar cos obstáculos que xeran desigualdades e desvantaxes.

Ángela Troitiño Gil

Concelleira de Benestar, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística

INDICE:

Indice:	1
Introdución:	2
Marco normativo:	3
Metodoloxía e fases:	6
Obxectivos:	7
Área de educación e coeducación:	8
Área de corresponsabilidade e conciliación:	9
Área de saúde e coidados:	10
Área de medio rural:	11
Área de Cultura:	12
Área de Comunicación:	14
Área de loita contra a Violencia de Xénero:	15
Área de Novas Tecnoloxías:	17
Área de Deportes:	19
Área de Urbanismo:	20
Área de Emprego:	21
Área de Administración	22
Avaliación e seguimento	23

INTRODUCCIÓN:

O **V Plan de Igualdade Municipal de Silleda (2023-2026)** é tamén o xeito no que o Concello de Silleda continúa materializando o seu compromiso coa igualdade e coa aplicación transversal do principio de igualdade en todas as súas políticas, cumprindo co recollido no Artigo 15 da *Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres*.

Para tal fin, constituíuse unha Comisión de Igualdade contando co asesoramento externo de persoal técnico de igualdade.

Para a súa redacción, tívose como referencia o marco legal internacional, europeo, estatal, autonómico e local en materia de igualdade, e tomouse como folla de ruta dos principios reitores o “Plan Estratégico para la Igualdad Efectiva de Mujeres y Hombres 2022-2025” e o “VIII Plan Estratégico de Igualdade 2022-2027” de ámbitos estatal e autonómico respectivamente.

Así mesmo, prestouse especial atención aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable resultantes da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable aprobada pola Organización de Nacións Unidas no ano 2015. Dos 17 obxectivos aprobados polos Estados Membros o **V Plan de Igualdade Municipal de Silleda (2023-2026)** alíñase co Obxectivo 5 “lograr a igualdade entre os xéneros e apoderar a todas as mulleres e nenas”.

O **V Plan de Igualdade Municipal de Silleda (2023-2026)** está orientado a ser unha ferramenta de cambio real e efectiva, buscando, dende unha diagnose da realidade de mulleres e homes do concello, elaborar un documento que sirva de marco para as diferentes accións e políticas en materia de igualdade que van tomar nos vindeiros catro anos.

Os principios reitores son a transparencia, a transversalidade de xénero, a participación e implicación da cidadanía, o compromiso político, a cooperación con outras institucións e a planificación, o apoderamento das mulleres e nenas, o enfoque de xénero e interseccional e a atención a diversidade.

MARCO NORMATIVO:

NORMATIVA INTERNACIONAL

- Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller. Asamblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 2263 (XXII) do 07 de novembro de 1967
- Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller (CEDAW)
- Cuarta Conferencia Mundial Sobre a Muller. Beijing (1995)
- Protocolo Facultativo da Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a Muller. Asamblea General de Naciones Unidas, resolución A/54/4 de 6 de outubro de 1999.
- Plan Estratégico para 2022-2025, de ONU Mulleres.

NORMATIVA EUROPEA

- Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea 2000
- Directiva 2006/54/CE, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación
- Directiva 2011/36/UE relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas.
- Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica de data 11 de marzo de 2011. (Convenio de Estambul). Ratificado polo Estado Español en 2014
- Resolución 2016/2249 (INI) do Parlamento Europeo, do 14 de marzo de 2017, sobre a igualdade entre mulleres y homes na Unión Europea en 2014-2015
- Plan de Acción da UE sobre as Mulleres, a Paz e a Seguridade, 2019-2024
- Resolución 2019/2870 (RSP) del Parlamento Europeo, de 30 de enero de 2020, sobre la brecha salarial entre hombres y mujeres;
- Resolución 2019/2855 (RSP) do Parlamento Europeo, do 28 de novembro de 2019, sobre a adhesión da Unión ao Convenio de Estambul e outras medidas de loita contra a violencia de xénero
- Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025

NORMATIVA ESTATAL

- Constitución Española
- Lei 16/1983, de 2 de outubro de creación do Organismo Autónomo da Muller
- Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras
- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de Protección Integral Contra a Violencia de Xénero
- Lei 3/2007, de 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes
- Lei Orgánica 2/2010 de Saúde Sexual e reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo
- Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da Vítima do delito
- Plan para la Promoción de las Mujeres del Mediro Rural (2015-2018)
- Pacto de Estado en Materia de Violencia de Xénero (2017)
- Real Decreto-Lei 6/2019, de 1 de marzo de medidas urxentes para garante da igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación.
- Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro.
- Real Decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.
- Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con dicapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica
- Lei 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte a violencia
- Plan Estratégico para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes 2022-2025
- Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro de Garantía Integral da Liberdade Sexual

<p>NORMATIVA AUTONÓMICA</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Estatuto de Autonomía de Galicia - Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada - Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersex - I Plan de actuacións para la Igualdad en los centros educativos de Galicia 2016-2020 - II Programa Muller e Ciencia. - Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 - Plan de reforzo de atención das vítimas da violencia machista que garanta a súa seguridade durante o estado de alarma por Covid-19 - Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia - Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación - Lei 14/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero - VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027
<p>NORMATIVA LOCAL</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Lei Reguladora de Bases de Réxime Local - Lei 5/1997, do 22 de xullo - I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Silleda - II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Silleda - III Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Silleda - IV Plan de Promoción da Igualdades do Concello de Silleda - Itinerario básico de protección da muller maltratada do concello de Silleda

METODOLOXÍA E FASES:

O V Plan de Igualdade do Concello de Silleda (2023-2026) resulta ser unha guía de traballo e de distribución de recursos en prol da igualdade de oportunidades do concello dende a aplicación transversal do principio de igualdade no conxunto de políticas municipais, a través de diferentes accións aquí referenciadas, respondendo coherentemente ás necesidades do concello en xeral e da cidadanía en particular, despois de ter feito unha exhaustiva diagnose da realidade de mulleres e homes do mesmo.

Dito plan prevé un espazo de actuación dentro de determinadas áreas, a súa vez, dentro dun marco temporal, así como mecanismos que permitan o seguimento e avaliación da súa implementación e resultados. Para a súa redacción, levouse a cabo o deseño do mesmo en varias fases que describimos a continuación utilizando métodos cuantitativos e cualitativos na recollida de datos:



OBXECTIVOS:

Establécense como **obxectivos específicos de forma transversal a todas as áreas:**

- Promover a participación das mulleres en todos os ámbitos municipais.
- Fortalecer e promover os valores igualitarios na veciñanza de Silleda.
- Formar ao persoal laboral en materia de igualdade.
- Formar ao persoal político en materia de igualdade.
- Facer un uso non sexista e non discriminatorio da linguaxe en tódolos ámbitos de responsabilidade municipal.
- Fortalecer as canles e medios municipais para unha resposta efectiva na erradicación da violencia de xénero.
- Fortalecer as canles e medios municipais para construír un concello inclusivo, igualitario e non discriminatorio.
- Fortalecer e fomentar a continuidade da dinámica colaborativa en materia de igualdade entre as diferentes concellerías.
- Manter e fortalecer cos recursos necesarios o Centro de Información á Mullera (CIM) como ente canalizador e centro de referencia das accións no eido municipal en materia de igualdade.

ÁREA DE EDUCACIÓN E COEDUCACIÓN:

Obxectivo xeral: Acadar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes dende a educación á cidadanía en igualdade.

Obxectivos específicos:

- Promover a educación en materia de igualdade en todas as etapas do ámbito educativo.
- Promover programas educativos en materia de igualdade para as familias.
- Promover programas educativos en materia de igualdade para persoas maiores de 65 anos.
- Promover programas educativos en materia de igualdade para o tecido asociativo.
- Favorecer a coeducación no ámbito educativo e familiar do Concello de Silleda.
- Avanzar cara a igualdade real e efectiva das persoas LGTBI.

Accións:

- Continuidade na implementación de programas que fomenten a coeducación no eido educativo.
- Desenvolvemento de programas de acceso á educación en materia de igualdade para mulleres migrantes.
- Colaboración coas ANPAS do concello no deseño da programación e na elección dos contidos dos programas educativos en materia de igualdade destinados para as familias.
- Colaboración coas asociacións veciñais, culturais e de mulleres rurais no deseño da programación e na elección dos contidos dos programas educativos en materia de igualdade destinados ás persoas maiores de 65 anos.
- Desenvolvemento de actuacións para regular e incrementar a implicación dos centros educativos no traballo en prol da igualdade e a loita contra a violencia de xénero e por razóns de orientación sexual e identidade de xénero.
- Impulso de campañas de integración, tolerancia, sensibilización e atención á diversidade sexual.
- Impulso de campañas educativas de resposta efectiva na erradicación de dinámicas LGTBI-fóbicas.

Concellerías responsables:

- Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística.

ÁREA DE CORRESPONSABILIDADE E CONCILIACIÓN:

Obxectivo xeral: Acadar unha sociedade corresponsable e consciente da responsabilidade compartida das tarefas domésticas e de coidados.

Obxectivos específicos:

- Fortalecer os recursos existentes de apoio á conciliación.
- Favorecer a corresponsabilidade no eido familiar.
- Impulsar actuacións destinadas a romper coa estereotipización das mulleres no eido dos coidados.

Accións:

- Continuidade na implementación de programas que fomenten a coeducación no ámbito familiar.
- Continuidade na implementación de programas que fomenten a corresponsabilidade no ámbito familiar e nos coidados.

Concellerías responsables:

- Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística.

ÁREA DE SAÚDE E COIDADOS:

Obxectivo xeral: Reforzar a perspectiva de xénero nas políticas de saúde e de cohesión social.

Obxectivos específicos:

- Fomentar o autocoidado e o benestar das mulleres.
- Reforzar os recursos públicos en materia de saúde, especialmente para as mulleres con discapacidade.
- Asegurar o respecto aos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres.

Accións:

- Desenvolvemento de programas educativos sobre sexualidade para mozas e mozos.
- Continuidade de programas de envellecemento activo e benestar dirixidos a mulleres maiores de 65 anos.
- Desenvolvemento de programas de detección precoz de enfermidades dende a aplicación do enfoque de xénero.
- Impulso de campañas que faciliten as mozas e os mozos o acceso gratuito a métodos anticonceptivos así coma formación sobre o seu uso para unha vida sexual sin riscos.
- Impulso de programas de saúde reproductiva con enfoque de xénero e interseccional.
- Desenvolvemento de programas que faciliten espazos de coidado para persoas coidadoras.

Concellerías responsables:

- Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística.

ÁREA DE MEDIO RURAL:

Obxectivo xeral: Mellorar a situación da muller no medio rural.

Obxectivos específicos:

- Impulsar a visibilización do papel da muller no medio rural e a súa aportación a economía local.
- Fomentar accións que melloren a empregabilidade da muller rural.
- Mellorar o coñecemento da realidade das muller rural.
- Rachar coa estereotipización do medio rural en xeral e a muller rural en particular.

Accións:

- Desenvolvemento de proxectos que visibilicen a muller rural.
- Desenvolvemento de espazos de encontro interxeneracional e de transmisión oral de coñecementos e tradicións do medio rural dende a aplicación da perspectiva de xénero.
- Artellamento de estratexias que faciliten a participación das mulleres rurais nas accións desenvolvidas polo CIM e as diferentes áreas.
- Aumento do número de mulleres que interveñen como relatoras/profesoras, garantindo que a súa presenza sexa o máis equitativa posible (40%-60%) na programación de formacións agroformativas.
- Implementación de actuacións dirixidas especificamente ás mulleres que viven soas ou illadas, de tal xeito que contribúan a mellorar a súa socialización e idear e promover fórmulas que faciliten unha maior mobilidade das mulleres das parroquias.

Concellerías responsables:

- Concellería de Medio Rural, Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística
- Concellería de Medio Ambiente, Industria, Servizos, Emprego, Comercio e Persoal.

ÁREA DE CULTURA:

Obxectivo Xeral: Fomentar a igualdade dende os contidos e creacións culturais.

Obxectivos específicos:

- Promover e visibilizar producións realizadas por mulleres.
- Divulgar e visibilizar o papel da muller no ámbito das artes, a historia e a cultura en xeral.
- Fomentar a visibilización de mulleres referentes a través da programación cultural.
- Promover proxectos culturais que poñan en valor a muller rural.
- Facilitar programacións libres de estereotipos de xénero e de calquera tipo de discriminación.

Accións:

- Elaboración dun código de contratación cultural con epígrafe específico no que se indique que a artista ou a compañía contratada polo Concello de Silleda asina o compromiso de ter un espectáculo libre de estereotipos de xénero e contidos discriminatorios por razón de sexo, raza, relixión, opinión o calquier outra condición o circunstancia persoal ou social.
- Elaboración dun censo de mulleres creadoras e profesionais nos distintos ámbitos culturais.
- Continuar coa introdución nas convocatorias de subvencións municipais a entidades culturais e veciñais como criterio de valoración a promoción de actividades que fomenten a igualdade.
- Creación dunha bolsa para o sector cultural para fomentar os espectáculos con un 40 % do repertorio creado ou dirixido por mulleres.
- Formación en materia de igualdade para as asociacións culturais.
- Formación gratuita en materia de igualdade para as persoas que traballan como docentes/directivas da Escola Municipal de Música de Silleda e outros centros municipais.

- Desenvolvemento de eventos que fomenten o coñecemento de referentes musicais femeninos para o alumnado da Escola Municipal de Música.
- Inclusión de puntuación positiva nos baremos de puntuación de subvencións municipais para aquelas asociacións culturais que teñan directivas que atendan ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designación das xuntas directivas.

Concellerías responsables:

- Concellería de Cultura, Turismo, Deportes e Comunicación
- Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística.

ÁREA DE COMUNICACIÓN:

Obxectivo Xeral: Ser referente e exemplar na comunicación inclusiva, non sexista e libre de estereotipos de xénero.

Obxectivo Específico:

- Fomentar a igualdade de mulleres e homes dende as comunicacións municipais.
- Promover obradoiros de creación de contidos non sexistas para as RRSS para os centros educativos.
- Promover obradoiros de creación de contidos non sexistas para as RRSS para a cidadanía en xeral e para o tecido asociativo en particular.
- Facilitar e achegar a información e os recursos á cidadanía en xeral e as mulleres en particular.

Accións:

- Creación dunha guía de publicación de contidos non sexistas para as RRSS municipais.
- Creación dunha guía de publicación de contidos non sexistas para as diferentes administracións municipais.
- Creación dunha guía de uso non sexista e non discriminatorio da linguaxe para difundir tanto interna como externamente.

Concellerías responsables:

- Concellería de Cultura, Turismo, Deportes e Comunicación.
- Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística.

ÁREA DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:

Obxectivo Xeral: Fortalecer os mecanismos de prevención, detección e resposta global ao problema público da violencia machista en calquera das súas manifestacións.

Obxectivos Específicos:

- Formar ao persoal laboral e político en materia de prevención, detección e resposta ante casos de violencia de xénero en calquera das súas manifestacións.
- Formar ao persoal laboral e político en materia de prevención e actuación fronte o acoso sexual e o acoso por razón de sexo.
- Mellorar a resposta pública e social fronte a violencia de xénero en Silleda.
- Atender dende un enfoque interseccional a diversidade das situacións de violencia de xénero.

Accións:

- Consolidación dos programas de concienciación e información á sociedade sobre as causas da violencia de xénero e as súas manifestacións.
- Consolidación dos programas de deseño de campañas para a eliminación dos falsos mitos da violencia de xénero, visibilizando a inexistencia dun perfil de vítima ou de maltratador.
- Creación de programas de formación para os centros educativos en particular e a cidadanía en xeral que fomenten masculinidades non violentas e respecto a diversidade.
- Deseño e redacción do Plan de Igualdade Municipal Interno co seu correspondente protocolo para a prevención e actuación fronte o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no ámbito laboral.
- Deseño dunha canle de difusión de contidos e recursos do Centro de Información ás Mulleres de Silleda (CIM) facendo uso de todas as TIC dispoñibles.
- Consolidación da liña de actuación fixada no IV Plan de Promoción da Igualdade Municipal de establecer sempre un programa ou actuación específica en materia de igualdade de xénero nas convocatorias de subvención que solicita o concello.

- Mantemento da organización desenvolvendo actuacións de reforzamento de proxectos de recuperación vital, da autoestima e de apoderamento das mulleres que teñan sufrido violencia de xénero creando espazos seguros para compartir.
- Continuación coa liña de incorporación nas bases reguladoras das subvencións, procedemento de contratación, becas municipais, acceso a recursos, servizos ou programas do Concello, criterios de valoración positiva para as vítimas da violencia de xénero, así como manter as axudas económicas directas ás mulleres vítimas.
- Continuación coa liña de consideración preferente ás mulleres vítimas de violencia de xénero en situación de precariedade económica no acceso ás vivendas de protección social.
- Establecemento de canles de información dirixidas ás empresas do concello das liñas de subvención que fomentan a integración laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero que se encontren en situación de desemprego para facilitar a súa empregabilidade.

Concellerías responsables:

- Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística.

ÁREA DE NOVAS TECNOLOXÍAS:

Obxectivo Xeral: Rachar coa fenda dixital de xénero no concello de Silleda.

Obxectivos Específicos:

- Achegar as novas tecnoloxías á cidadanía en xeral e as mulleres en particular.
- Promover o acceso de todas as persoas en igualdade ás novas tecnoloxías.
- Promover espazos de encontro con mulleres líderes en sectores tecnolóxicos.
- Fomentar dende os espazos de formación municipal un uso non sexista das novas tecnoloxías.

Accións:

- Desenvolvemento de programas de formación de capacitación tecnolóxica para mulleres mozas.
- Desenvolvemento de programas de formación en novas tecnoloxías para mulleres maiores de 65 anos.
- Visibilización de mulleres referentes do Concello de Silleda no ámbito das TIC.
- Creación de programas de formación en novas tecnoloxías aplicadas ao sector agrogandeiro para mulleres emprendedoras do sector.
- Desenvolvemento de accións de estímulo das vocacións científico-tecnolóxicas dirixidas ás rapazas.
- Consolidación das accións de visibilización e recoñecemento das contribucións das mulleres aos distintos ámbitos da investigación, da ciencia e da tecnoloxía e promoción de referentes femininos para a sociedade.
- Continuación da colaboración coa Garda Civil ou Policía Local, na información, formación e concienciación do conxunto da sociedade, pero sinaladamente da comunidade educativa (nais, pais, profesorado e alumnado) sobre a prevención do acoso sexual e de xénero nas redes sociais -o ciberacoso, sexting, sextorsión, homofobia-, facilitando ferramentas e estratexias de Seguridade e indicadores de detección.

- Divulgación do labor de entidade e ONGs con programas de prevención, filtros de Seguridade e información en materia de acoso sexual, ciberacoso e de xénero nas redes sociais.
- Aproveitamento das novas tecnoloxías para campañas de sensibilización na promoción da igualdade entre mulleres e homes (identificando recursos en liña, plataformas, libros, películas, blogs, páxinas web e foros que promoven a igualdade)
- Desenvolvemento de campañas informativas sobre as posibles implicacións negativas do uso das novas tecnoloxías, en termos de xénero, concienciándolles na súa responsabilidade individual nun mal uso e na reprodución de contidos sexistas e machistas.

Concellerías responsables:

- Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística.

ÁREA DE DEPORTES:

Obxectivo Xeral: Acadar a igualdade no mundo deportivo.

Obxectivos Específicos:

- Acadar a participación paritaria e equitativa no ámbito deportivo.
- Fomentar a participación de mulleres e nenas en sectores deportivos masculinizados.
- Fomentar a participación de homes e nenos en sectores deportivos feminizados.
- Fomentar a creación de espazos deportivos mixtos.
- Rematar coa discriminación por razón de sexo no ámbito deportivo.
- Fomentar eventos deportivos nos que haxa unha participación paritaria.
- Erradicar as posibles actitudes machistas nos espazos deportivos municipais.
- Fomentar e difundir a inclusión de mulleres tanto nas directivas de clubs deportivos como na práctica das distintas disciplinas que se imparten nas Escolas Deportivas do Concello de Silleda.

Accións:

- Creación dun protocolo de actuación ante casos de acoso sexual e acoso por razón de sexo no ámbito deportivo municipal.
- Desenvolvemento de programas de formación en igualdade ao profesorado das escolas deportivas municipais.
- Fortalecemento e dinamización da oferta deportiva do concello dende a visualización de referentes femininos e masculinos de todos os deportes da escola municipal.
- Inclusión de puntuación positiva nos baremos de puntuación de subvencións municipais para aquelas asociacións deportivas que teñan directivas que atendan ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designación das xuntas directivas.

Concellerías responsables:

- Concellería de Cultura, Turismo, Deportes e Comunicación.
- Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística.

ÁREA DE URBANISMO:

Obxectivo Xeral: Crear un espazo urbanístico inclusivo, seguro e igualitario.

Obxectivo Específico:

- Reforzar a perspectiva de xénero nas diferentes accións da área de urbanismo.
- Crear espazos públicos seguros para a cidadanía en xeral e as mulleres e as nenas en particular no Concello de Silleda

Accións:

- Elaboración dun informe de diagnóstico do uso dos espazos públicos do concello dende un enfoque de xénero e interseccional.
- Mantemento e continuidade na introducción da perspectiva de xénero na planificación territorial e urbanística municipal.
- Elaboración dun informe sobre a seguridade dos espazos públicos do concello dende un enfoque de xénero e interseccional.
- Desenvolvemento de actuacións urbanísticas que favorezan os espazos coeducativos e corresponsables nos espazos e edificios públicos.
- Aproveitamento da apertura de novas rúas ou dotacións municipais para asignarlle nomes de mulleres destacadas ou de feitos históricos que teñan influenciado na configuración de sociedades igualitarias.

Concellerías responsables:

- Concellería de Urbanismo.
- Concellería de Vías e Obras.
- Concellería de Facenda, Seguridade, Tráfico e Réxime Interior.
- Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística.

ÁREA DE EMPREGO:

Obxectivo Xeral: Acadar a igualdade no ámbito laboral e no acceso ao emprego.

Obxectivo Específico:

- Fomentar a implementación dos Plans de Igualdade nas empresas do concello.
- Establecer medidas que favorezcan a empregabilidade das mulleres.
- Establecer medidas que favorezan a inserción laboral de mulleres con discapacidade.
- Establecer medidas que favorezan a inserción laboral de mulleres migrantes.
- Establecer medidas que favorezan a inserción laboral de mulleres vítimas de violencia machista.

Accións:

- Desenvolvemento de programas de formación para mulleres desempregadas con prioridade de acceso para mulleres en situación de especial vulnerabilidade.
- Fomento do autoemprego dende campañas municipais de asesoramento.
- Desenvolvemento de fórmulas de apoio á contratación de mulleres en situación de desemprego en empresas locais.
- Apoio á implementación dos Plans de Igualdade no ámbito laboral nas empresas locais dende o asesoramento e a creación de un selo de distinción para aquelas que contan con el.

Concellerías responsables:

- Concellería de Meido Ambiente, Industria, Servizos, Emprego, Comercio e Persoal.
- Concellería de Facenda, Seguridade, Tráfico e Réxime Interior.
- Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística.

ÁREA DE ADMINISTRACIÓN

Obxectivo Xeral: Acadar a transversalización da perspectiva de xénero en todos os procedementos administrativos.

Obxectivo Específico:

- Impulsar as políticas de igualdade no ámbito local.
- Programar e facer unha planificación orzamentaria dende a aplicación da perspectiva de xénero.
- Formar en igualdade ao persoal político e laboral.


Accións:

- Elaboración do Plan de Igualdade Municipal Interno.
- Afianzamento da formación en igualdade como requisito de acceso e promoción ao emprego público.
- Aplicación efectiva e seguimento de medidas que garantan a composición equilibrada por sexo dos órganos de consulta e valoración -tribunais, xurados, etc.

Concellerías responsables:

- Concellería de Facenda, Seguridade, Tráfico e Réxime Interior.
- Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística.

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

 O V Plan de Igualdade Municipal do Concello de Silleda establece dúas metodoloxías como ferramenta de seguimento e avaliación das diferentes medidas e accións deseñadas para ser implementadas entre os anos 2023 e 2026:

- Indicadores medidores do nivel de execución das accións por obxectivos e áreas.
- Fichas de seguimento de todas as actividades.
- Sistema de avaliación con participación activa da cidadanía: Creación dun grupo de persoas representativas de todos os ámbitos sociais e económicos do concello que queiran participar de forma voluntaria nun “World Café” no que se avaliará o inicio do proceso de implementación do plan, plasmando as expectativas, o nivel de implementación do mesmo a medio prazo e finalmente os resultados acadados nunha xornada final. Deste xeito fíxase como obxectivo principal a implicación e participación da veciñanza na avaliación e percepción das políticas de igualdade.

Este proxecto foi coordinado pola Concellería de Benestar Social, Igualade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística en colaboración co Centro de Información á Muller e resto de concellerías do Concello de Silleda.

Este proxecto foi cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda.